

PROPIEDADES TEXTUAIS: COHERENCIA, ADECUACIÓN, COHESIÓN.

COHERENCIA	Fai referencia a: • Selección da información. • Organización no texto . Interesa: • Organización por parágrafos. • Estrutura (partes), para organizar a información.
ADECUACIÓN	Adaptación do texto á situación (contexto) en que se produce o acto de comunicación. Rexistro.
COHESIÓN	Xeito en que se conectan e relacionan entre si os diferentes contidos informativos do texto. Mecanismos de cohesión: 1) Conectores textuais. 2) Recorrenza de palabras. Mecanismos de recorrenza: • Substitución sinonímica. • Substitución por pronomes (persoal, demostrativo, posesivo, cuantificador) ou adverbios. • Elipse. Primeiro comes o que tes aí, logo () o postre. 3) Relacións temporais (relacións entre as formas verbais).

CONECTORES

- Os conectores son palabras ou conxuntos de palabras que enlazan enunciados ou secuencias de enunciados.
- Debemos organizar os nosos textos con certas «pezas lingüísticas» que fagan de engraxe entre as diferentes ideas do discurso e que nos permitan estruturar o propio texto: introducir o tema, marcar orde, resumir...
- Serie de partículas lingüísticas (adverbios, conxuncións, locucións adverbiais ou conxuntivas...) que marcan:
 - As relacións establecidas entre os elementos do discurso.
 - A súa estruturación e desenvolvemento.
- Doutro xeito, son palabras que unen partes dun texto e establece unha relación lóxica entre oracións. Os conectores poden ser palabras, oracións ou conxuntos de oracións, e unen desde o máis breve ao máis extenso.

Os conectores serven para:

a) Estructurar o texto:

1. Introducción.
 - Para introducir.
2. Desenvolvemento:
 - Para iniciar un tema novo, marcar orde, distinguir temas, continuar sobre o mesmo punto (aditivos ou copulativos), detallar.
3. Conclusión:
 - Para resumir ou concluír.

ESTRUTURA DO TEXTO:

1. Introducción.
2. Desenvolvemento.
3. Conclusión.

b) Enlazar ideas, indicando:

- Causa, consecuencia, condición, comparativos...
- Oposición (Adversativos), disxuntivos, copulativos.
- Dúbida.
- Tempo, Lugar.

ENLAZAR IDEAS:

Recordade os CC e os tipos de oracións:
Vid. páx. 3 deste documento.

Para ESTRUCTURAR o texto	
Introducir	O obxectivo principal de..., o tema que imos tratar é..., este texto trata de... En principio... Para comezar... Antes de nada...
Iniciar un tema novo	Con respecto a, a respecto de, canto a, en relación con, en canto a, respecto a, con referencia a, por outro lado, no que concerne a.
Marcar orde	En primeiro/segundo/terceiro lugar, primeiramente, de entrada, a seguir, a continuación, finalmente, para rematar...
Distinguir temas	Por un lado... polo outro, por unha banda... pola outra, agora ben, non obstante...
Continuar sobre o mesmo punto (Aditivos ou copulativos)	Ademais, así pois, así mesmo, asemade, alén disto, desta maneira, deste xeito, e, ademais, mesmo, en segundo lugar, por outra parte, tamén, paralelamente, a continuación, noutra orde de cousas, ao mesmo tempo, do mesmo xeito...
Detallar	Por exemplo, en particular, en concreto...
Resumir ou concluír	En resumo, sintetizando, resumindo... En conclusión, para rematar, así pois, en definitiva, finalmente, en definitiva, por último, para concluír...
Para ENLAZAR ideas ⁱ	
Indicar causa	Porque, xa que, considerando que, con motivo de, por mor de que, visto que, pois, dado que, a causa de, debido a que...
Indicar consecuencia	Así pois, daquela, de xeito que, entón, xa que logo, por tanto, por conseguinte, en consecuencia, por iso, polo que, de aí que, por esta razón, de maneira que...
Indicar condición	A menos que, agás que, en caso de que, se, en caso de, sempre que, a non ser que...
Comparativos	Igualmente, do mesmo xeito, en cambio, contrariamente, inversamente...
Indicar oposición (Adversativos)	Así e todo, porén, non obstante, con todo, pero, aínda que, mais, excepto, senón, polo contrario...
Disxuntivos	Establecen unha opción entre dous contactos: ou, xa sexa, entre outras...
Dúbida	Se cadra, se callar, talvez, disque...
Temporais	De anterioridade: antes, hai tempo, había unha vez, ao comezo, anteriormente, en primeiro lugar, inicialmente... De simultaneidade, p.e. á vez, mentres... De posterioridad, p.e. logo, posteriormente...
Locativos	Fan referencia a lugares. P.e. aquí, aí, alí, encima de, neste/ese/aquel lugar, onde, ao lado de...

ⁱ Para ENLAZAR ideas recordade os TIPOS DE ORACIÓNS:

COORDINADAS	Copulativas Disxuntivas Distributivas Adversativas Explicativas	
SUBORDINADAS ADVERBIAIS (CC)	Lugar Tempo Modo	Propias
	Causais Consecutivas Concesivas Condicionais Comparativas Finais	Impropias